

# Estilo IEEE

O Institute of Electrical and Electronics Engineers creou un estilo propio de citas e referencias bibliográficas para as súas publicacións. Coñécese como **estilo IEEE** e é o máis empregado no eido da enxeñaría.

Trátase dun sistema numérico no que cada **cita no texto** recibe un número e ao final do documento as **referencias bibliográficas** ordénanse segundo a orde das citas.

As Instrucións xerais de formato Traballo Fin de Grao/Fin de Máster Escola Politécnica de Enxeñaría de Ferrol establecen que "O documento incluírá unha bibliografía seguindo o formato IEEE ou o que determine a comisión do título correspondente".

## CITAS NO TEXTO

As citas insírense mediante un **número arábigo, entre corchetes**, que se asigna segundo a orde de aparición no texto.

Todas as veces que se cite un documento repítese o número que se lle asignou por primeira vez.

Cando se cite unha secuencia de fontes cada unha delas levará os seus propios corchetes:

"Como se sinala na introdución [1], [2], [3], [4]..."

No caso de se mencionar a autoría no texto, incluírase unicamente o apelido e se hai tres ou máis autorías utilízase et al.

Meizoso-López [1]

Meizoso-López y Arce [2]

Arce et al. [3]

## CITAS DUNHA PARTE DUN DOCUMENTO

Exemplos de como citar no texto unha parte dun documento:

[3, pp. 5–10]

[3, Fig. 1]

[3, Apéndice I]

[3, Sec. 4.5]

[3, Cap. 2, pp. 5–10]

## CITAS NO TEXTO DE FIGURAS E TÁBOAS

As citas de figuras e táboas no texto seguen a súa propia secuencia de numeración.

As citas de **figuras** exprésanse mediante a abreviatura Fig. seguida do número da figura.

As notas no pé das figuras redáctanse consonte a seguinte secuencia: abreviatura Fig. e número da figura seguido de punto, espazo e texto descriptivo (a primeira palabra en maiúscula).

Fig. 6. Electricidade xenerada por enerxías renovables en Galicia en 2023

No caso das **táboas** emprégase a etiqueta TÁBOA seguida do correspondente número romano.

No pé da táboa o texto descriptivo debe ir centrado debaixo do número da táboa.

TÁBOA I  
PARAMETER VALUES

Cando se reutiliza material gráfico extraído doutras fontes, ao final do pé da figura hai que engadir o número de referencia da fonte da que se obtivo o dito material.

Fig. 1. Parque eólico mariño [4]

## REFERENCIAS BIBLIOGRÁFICAS

A lista de referencias inclúese ao final do texto mantendo a orde numérica das citas.

Os números de referencia alíñanse á esquerda, entre corchetes, formando unha columna separada do corpo da referencia.

- [1] P. R. Yañez, M. I. Lamas Galdo, L. C. Santos, e A. Filgueira Vizoso, «Numerical model of the heat transfer in an offshore photovoltaic panel. Application to the Galician coast (northwest Spain)», en *Int. Conf. Clean Elect. Power*, 2023, pp. 299-302. doi: 10.1109/ICCEP57914.2023.10247443.
- [2] G. Rosano, E. Begovic, G. Boccadamo, M. Míguez González, B. Rinauro, e L. Santiago Caamaño, «On-board monitoring and estimation of lateral accelerations through extreme value theory», *Ocean Eng.*, vol. 284, p. 115177, Sep. 2023, doi: 10.1016/j.oceaneng.2023.115177.
- [3] Á. Michelena, «Banco de pruebas para monitorización y control de motor trifásico», Trabajo fin de grao, Univ. da Coruña, 2020. [En liña]. Dispoñible en: <http://hdl.handle.net/2183/28402>

Os títulos das referencias bibliográficas transcríbense no idioma da fonte referenciada. Outros elementos deberán traducirse e adaptarse ao idioma no que se redacta o traballo.

Ex. de traducións:

GALEGO	ESPAÑOL	INGLÉS
e*	y*	and*
En liña:	En línea:	Online:
Dispoñible en:	Disponible en:	Available:
Consultado:	Consultado:	Accessed:

\*Conxunción empregada antes da última autoría

Ex. de adaptación:

- DATA COMPLETA (secuencia)
- Inglés: Month abrev. day, year
  - Galego/español: día mes abrev. ano

Para cada tipo de documento (libros, artigos, vídeos, ...) establécese unha maneira normalizada de referencia. Deste xeito poden variar os datos que se empregan para identificar as fontes, así como a tipografía e os signos ortográficos.

A descrición debe ser o máis completa posible. Aqueles datos que se descoñezan deixaranse sen cubrir.

### **PAUTAS COMÚNS A TODOS OS DOCUMENTOS**

- ✓ O nome da persoa autora ou editora precede ao apelido e abréviase coa inicial.
- ✓ Deben figurar todos os nomes dos/as autores/as ate un máximo de seis.
- ✓ Se aparecesen máis de seis nomes escribirase o nome da autoría principal seguido de et al.
- ✓ Todas as referencias, agás as que acaban con URL, terminan cun punto, incluídas as que conteñen DOI.
- ✓ Para calquera referencia que cite dous meses para o mesmo número, estes deben ir separados por unha barra oblicua (ex, xullo/agosto)

### **TÍTULOS DE LIBROS, REVISTAS, NOME DAS CONFERENCIAS, NORMAS TÉCNICAS, SOFTWARE E VÍDEOS EN LIÑA**

- ✓ En *cursiva*
- ✓ Maiúscula inicial todas as palabras agás preposicións, conxuncións, artigos, ...
- ✓ Os títulos das revistas e os nomes das conferencias irán abreviados

### **TÍTULOS DE CAPÍTULOS DE LIBROS, ARTIGOS, PONENCIAS, PATENTES, INFORMES, TESES, TFG, TFM, SITIOS WEB E REDES SOCIAIS**

- ✓ Entre "comiñas"
- ✓ Maiúscula inicial a primeira palabra do título

### **TÍTULO DOS DATASETS**

- ✓ Entre "comiñas"
- ✓ Maiúscula inicial todas as palabras agás preposicións, conxuncións, artigos, ...

# MODELOS DE REFERENCIAS

## LIBROS

### LIBROS IMPRESOS

J. K. Apellido, *Título do Libro*, n.º ed. Cidade da editorial: Editorial, ano.

J. M. Guerrero, Ed., *Intelligent Learning Approaches for Renewable and Sustainable Energy*. Amsterdam: Elsevier, 2024.

### LIBROS EN LIÑA

J. K. Apellido, M. Apellido e R. Apellido, *Título do Libro*, xª ed. Cidade da editorial: Editorial, ano. [En liña]. Dispoñible en: url

F. Zayas-Gato, H. Quintián, E. Jove, J.-L. Casteleiro-Roca, y J. L. Calvo-Rolle, *Diseño de controladores PID*. Universidade da Coruña, Servizo de Publicacións, 2020. Accedido: 3 de julio de 2024. [En línea]. Disponible en: <https://ruc.udc.es/dspace/handle/2183/25824>

### LIBROS CON DOI

J. K. Apellido, M. Apellido e R. Apellido, *Título do Libro*, xª ed. Cidade da editorial: Editorial, ano. [En liña]. Dispoñible en: url

Z. Lv e E. Fersman, *Digital Twins: Basics and Applications*. Cham: Springer International Publishing, 2022. doi: 10.1007/978-3-031-11401-4.

## CAPÍTULOS DE LIBROS

### CAPÍTULOS DE LIBROS IMPRESOS

J. K. Apellido, "Título do capítulo", en *Título do Libro*, xª ed. Cidade da Editorial: Editorial, ano, pp. xxx-xxx.

E. Jove, Á. Michelena, M. Timiraos, V. Caínzos López, H. Quintian, e J. L. Calvo-Rolle, «Intelligent learning models for renewable energy forecasting», en *Intelligent Learning Approaches for Renewable and Sustainable Energy*. Amsterdam: Elsevier, 2024, pp. 105-155.

## CAPÍTULOS DE LIBROS EN LIÑA

J. K. Apelido, M. Apelido e R. Apelido, "Título do capítulo", en *Título do Libro*, xª ed. Cidade da Editorial: Editorial, ano, pp. xxx-xxx. [En liña].  
Dispoñible en: url

Z. Lv e E. Fersman, «Digital twins and additive manufacturing», en *Digital Twins: Basics and Applications*. Cham: Springer International Publishing, 2022, pp. 27-35. [En liña]. Dispoñible en: 10.1007/978-3-031-11401-4\_4.

## ARTIGOS DE REVISTA

### ARTIGOS DE REVISTA IMPRESA

J. K. Apelido, "Título do artigo", *Título Abrev. da Publicación Periódica*, vol. x, n.º. x, pp. xxx-xxx, mes abrev. ano.

M. L. Álvarez, I. Sarachaga, A. Burgos, e N. Iriando, «Gemelos funcionales para validar el software de control», *Rev. Iberoam. Autom. Inform. Ind.*, vol. 21, n.º 2, pp. 159-170, xan. 2024.

### ARTIGOS DE REVISTA CON DOI

J. K. Apelido, "Título do artigo", *Título abrev. da Publicación Periódica*, vol. x, n.º. x, pp. xxx-xxx, mes abrev. ano, doi: xxx.

M. L. Álvarez, I. Sarachaga, A. Burgos, e N. Iriando, «Gemelos funcionales para validar el software de control», *Rev. Iberoam. Autom. Inform. Ind.*, vol. 21, n.º 2, pp. 159-170, xan. 2024, doi: 10.4995/riai.2024.20830.

### ARTIGOS DE REVISTA EARLY ACCESS

J. K. Apelido e N. T. Apelido, "Título do artigo", *Título Abrev. da Publicación Periódica*, early access, día mes abrev. ano, doi: xxx.

S. Li, J. Lin, e J. Min, «Experimental investigation and molecular simulation on the chemical bonding between laser-treated titanium alloy amorphous surface and epoxy adhesive», *J. Adhes.*, early access, nov. 2023, doi: 10.1080/00218464.2023.2277298.

## ARTIGOS EN SITIOS WEB/POST EN BLOGS

### ARTIGOS EN SITIOS WEB

J. K. Apellido. "Título do artigo". Nome da web. Acceso: día mes abrev. ano. [En liña]. Dispoñible en: url

M. Pérez Pena. «O gas que entra en Galicia, ou de Rusia ou do "fracking"». Praza Pública. Acceso: 20 maio 2024. [En liña]. Dispoñible en: <https://praza.gal/economia/o-gas-que-entra-en-galicia-ou-de-rusia-ou-do-fracking>

## TRABALLOS ACADÉMICOS: TFG E TFM

### TRABALLOS ACADÉMICOS EN LIÑA

J. K. Apellido, "Título do traballo fin de grao", Traballo fin de grao, Abrev. Univ., ano. [En liña]. Dispoñible en: url

Á. Michelena, «Banco de pruebas para monitorización y control de motor trifásico», Traballo fin de grao, Univ. da Coruña, 2020. [En liña]. Dispoñible en: <http://hdl.handle.net/2183/28402>

## NORMAS

### NORMAS

*Título da Norma*, Número da norma, data.

*Standard Specification for Performance-Graded Asphalt Binder*, ASTM D 6373, 2023.

## PONENCIAS DE CONGRESOS

### PONENCIAS IMPRESAS

J. K. Apellido, "Título da ponencia", en *Nome Abrev. da Conf.*, (lugar da conferencia opcional), día mes abrev. ano ano, pp. xxx-xxx.

F. Bolaños Balari, P. Ledesma Lardiés e L. Gómez Valencia, "Comportamiento dinámico de estructuras hiperelásticas", en XIII Congr. Nac. Ing. Mec., (Terrasa), dec. 1998, vol. 4, pp. 27-32

## PONENCIAS CON DOI

J. K. Apelido e P. L. Apelido, "Título da ponencia", en *Nome Abrev. da Conf.*, día mes abrev. ano, pp. xxx-xxx, doi: xxx.

P. R. Yañez, M. I. Lamas Galdo, L. C. Santos e A. Filgueira Vizoso, «Numerical model of the heat transfer in an offshore photovoltaic panel. Application to the Galician cost (northwest Spain)», en *Int. Conf. Clean Elect. Power*, 2023, pp. 299-302, doi: 10.1109/ICCEP57914.2023.10247443.

## PONENCIAS EN LIÑA

J. K. Apelido e P. L. Apelido, "Título da ponencia", en *Nome Abrev. da Conf.*, día mes abrev. ano, pp. xxx-xxx. [En liña]. Dispoñible en: url

D. J. De Beer, «Additive manufacturing as tool to support sustainable development», en *Ann. of DAAAM & Proc.*, xan. 2010, pp. 1539-1540. [En liña]. Dispoñible en: <https://search.ebscohost.com/login.aspx?direct=true&AuthType=ip,uid&db=a9h&AN=55675227&lang=es&site=ehost-live>

## DATASETS

### DATASETS CON DOI

J. K. Apelido, mes abrev. ano, "Título do Dataset", Fonte, doi: xxx.

C. Balsa-Sanchez e V. Loureiro, set. 2023, «Data Articles in Journals», Zenodo, doi: 10.5281/zenodo.8367960.

### DATASETS EN SITIO WEB

Entidade responsable da creación, mes abrev. ano, "Título do Dataset", Fonte. [En liña]. Dispoñible en: url

U.S. Department of Energy, ag. 2021, «Dataset for Evaluation of Extreme Weather Impacts on Utility-Scale Photovoltaic Plant Performance in the United States», Sandia National Laboratories. [En liña]. Dispoñible en: <https://catalog.data.gov/dataset/dataset-for-evaluation-of-extreme-weather-impacts-on-utility-scale-photovoltaic-plant-perf>



## VÍDEOS EN LIÑA

### VÍDEOS EN LIÑA

Responsable do vídeo. *Título do Vídeo*. (día mes abrev. ano de publicación). Acceso: día mes abrev. ano. [Vídeo en liña]. Dispoñible en: url

Massachusetts Institute of Technology. *MIT's Mini Cheetah robot runs faster than ever*. (17 mz. 2022). Acceso: 15 maio 2024. [Vídeo en liña]. Dispoñible en: <https://www.youtube.com/watch?v=-BqNI3AtPVw>

## SOFTWARE

### SOFTWARE CON DOI

J. K. Apellido. *Título do Software*. (versión ou ano do arquivo). Nome do editor, doi:

A. Murray et al. *Python-pillow/Pillow*. (v10.3.0). Zenodo, doi: 10.5281/zenodo.10903255.

### SOFTWARE

J. K. Apellido. *Título do Software*. (versión ou ano do arquivo). Nome do editor. Acceso: (se é coñecida a data). Identificador persistente. [Soporte]. Dispoñible en:

M. Waskom. *Mwaskom/seaborn*. (v0.13.2). GitHub. Acceso: 22 feb. 2024. [En liña]. Dispoñible en: <https://github.com/mwaskom/seaborn>

## APUNTES DE CLASE

### APUNTES DE CLASE

Nome da Universidade. (Ano). Título da materia. [Soporte]. Dispoñible en: url

## Bibliografía:

*IEEE reference guide*. IEEE Publication Operations, 2023 [En liña]. Dispoñible en:

[http://journals.ieeeauthorcenter.ieee.org/wp-content/uploads/sites/7/IEEE\\_Reference\\_Guide.pdf](http://journals.ieeeauthorcenter.ieee.org/wp-content/uploads/sites/7/IEEE_Reference_Guide.pdf)

*IEEE editorial style manual for authors*. IEEE Publishing Operations, 2023 [En liña].

Dispoñible en: <http://journals.ieeeauthorcenter.ieee.org/wp-content/uploads/sites/7/IEEE-Editorial-Style-Manual-for-Authors.pdf>

## ANEXO: ABREVIATURAS DOS MESES DO ANO

GALEGO	ESPAÑOL	INGLÉS
xan.	en.	Jan.
feb.	feb.	Feb.
mz.	mar.	Mar.
ab.	abr.	Apr.
maio	may.	May.
xuño	jun.	Jun.
xll.	jul.	Jul.
ag.	ag.	Aug.
set.	set.	Sep.
out.	oct.	Oct.
nov.	nov.	Nov.
dec.	dic.	Dec.